

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA

Artigo 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.**

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. RESPONSABLES

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. PERCEPCIÓN

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. LIQUIDACIÓN

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. INFRACCIÓNS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

TARIFAS (Modificación aprobada en pleno de 26-10-11)

Zona A: Paseo marítimo Praia de Silgar e zona portuaria de Sanxenxo, incluíndo a Rúa dos Barcos e a Rúa Rafael Picó en Portonovo (3,12 €/m²/día).

Zona B: Inclúe o resto do casco urbán de Sanxenxo e o da vila de Portonovo. (1,09€/m²/día).

Zona C: Inclúe os cascos urbáns das vilas de Vilalonga, Noalla e A Granxa. (1,01€/m²/día).

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio. (0,80€/m²/día).

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio. (0,72€/m²/día).

TARIFAS ESPECIAIS

1. POSTOS DO MERCADILLO (ata un máximo de 3 m de fondo):

- Zona B 0,34 x 2,4 x 1,07 = 0,87 x 4 días/ mes= 3,48 €
- Zona B 0,34 x 2,4 x 1,07 = 0,87 x 8 días/ mes= 6,96 €

2. INSTALACIÓNS TEMPORAIS

a) Postos de froita de tempada:

- Zona B 0,34 x 3 x 1,07 = 1,09 €/m²/día.

b) Postos de venda de flores e palmas nas datas de defuntos e festividade de ramos:

- Zona B $0,34 \times 18 \times 1,07 = 6,55 \text{ €/m}^2/\text{día}$.

c) INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES:

- Zona B $0,34 \times 3 \times 1,07 = 1,09 \times 365 = 397,85 \text{ €/ano}$.

d) RODAXE CINEMATOGRAFICA, ESPECTÁCULOS NA RÚA, CIRCOS E SIMILARES:

- Zona B $0,34 \times 4 \times 1,07 = 1,46 \times 100 \text{ m}^2 = 146 \text{ €/día}$.

NOTA: O impago dun recibo durante máis dun mes poderá ser causa de revogación da autorización (art. 9.3.h. da O.M.R da venda ambulante). Procederanse a cobrar os recibos dentro dos primeiros 15 días do mes correspondente.